



AS CONFRARIÁS DO INTERIOR DA RÍA DE PONTEVEDRA E A APDR MANTEÑEN A SÚA DENUNCIA DIANTE DA UNIÓN EUROPEA POR USO FRAUDULENTO DE FONDOS COMUNITARIOS NOS RECHEOS DO PORTO DE MARÍN

As Confrarías do interior da Ría de Pontevedra San Telmo de Pontevedra, San Andrés de Lourizán e San Gregorio de Raxó e a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) veñen de remitir un escrito á Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana, reafirmando na súa denuncia de utilización fraudulenta de fondos estruturais presentada no ano 2009, na medida en que estes fondos se utilizaron para a realización de recheos no Porto de Marín, provocando un grave dano ao medio ambiente e aos recursos naturais e polo tanto á economía da zona interna da Ría de Pontevedra, un dano que, en cuestión de postos de traballo tense cifrado na perda de máis de 400 co que isto supón de perda de riqueza e de beneficios sociais.

Este uso de fondos FEDER, para provocar danos ambientais e perda de postos de traballo, é contrario ao regulamento que rixe o reparto dos mesmos que explícitamente esixe que non se financien obras que impliquen estes danos ambientais e sociais. As Confrarías do interior da ría e a APDR tiñan presentado unha queixa por este feito en xulio de 2009 e recentemente foron informados pola Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana da Comisión Europea de que, seguindo o protocolo establecido para a atención de queixas, esta Dirección Xeral comunicou ao Estado Español o contido da mesma. A resposta da Dirección General de Política Regional y Urbana del Ministerio de Economía y Hacienda aseguraba que as diversas actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios, tiñan sido tramitadas de acordo coa lexislación medioambiental vixente e seguindo os procedementos regulamentados. Pero esta afirmación contradíse coa sentenza ditada polo Tribunal Supremo en outubro de 2009 que textualmente asegura con referencia ás obras cofinanciadas que: *“Como ditas obras atópanse incluídas no Anexo I da Directiva 85/337/CEE relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, así como no correlativo Anexo do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, de 28 de xuño, queda claro que o Plan Especial en cuestión **debeu someterse a avaliación de impacto ambiental antes da súa aprobación definitiva, tal e como dispón o artigo 4.1 da referida Directiva 85/337/CEE e os artigos 1 y 2 do Real Decreto Lexislativo 1302/1986 (na versión vixente cuando se aprobou o Plan Especial). **Maiormente considerando a incidencia da obra nun espazo de alto valor medioambiental e ecolóxico como é a Ría de Pontevedra**”***

En definitiva, a Autoridade Portuaria e polo tanto o Estado Español, incumpriron o regulamento que establece cando relación os obxectivos que as intervencións con cargo aos fondos comunitarios incorporarán *“as prioridades comunitarias en pro dun desenvolvemento sostible, potenciando o crecemento, a competitividade e o emprego e a inclusión social”*. Neste caso, é evidente que nin se potenciou o crecemento, xa que todas as actividades que proporcionan emprego se poderían realizar en calquera outro lugar sen necesitar ningún tipo de recheo e destruíronse postos de traballo nunha actividade sostible e de gran valor ambiental, económico e social como é o marisqueo.

Para facilitar un beneficio rápido para uns poucos, a Autoridade Portuaria, incumprindo a lexislación española e comunitaria e utilizando indebidamente fondos de cohesión cun propósito oposto á finalidade para que foron creados, provocou un importante e negativo impacto. É de agardar que a Unión Europea actúe agora en consecuencia e que se consiga atallar o dano, a riqueza da Ría de Pontevedra debe conservarse permitindo as actividades sostibles como a pesca ou o marisqueo, a súa desaparición ou a diminución da súa produtividade so anuncian que a degradación está a poñer en perigo o sistema natural que as soporta.

Pontevedra, 26 de abril de 2013



María del Carmen Vázquez Nores, Patrona Mayor de la Cofradía de Pescadores San Andrés de Lourizán.

Isaac Manuel Querejeta Pérez, Patrón Mayor de la Cofradía de Pescadores San Gregorio de Raxó.

María del Carmen Simón Freijo, Patrona Mayor da Confraría de Pescadores San Telmo de Pontevedra.

Benito Andrade González, membro da Asociación pola Defensa da Ría.